

VI. ANUNCIOS

A) ADMINISTRACIÓN AUTONÓMICA

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

ANUNCIO do 25 de marzo de 2021, da Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático, polo que se dá publicidade da resolución pola que se modifica a autorización ambiental integrada 2010-IPPC-1012-253 da fábrica de queixo situada no concello de Vilalba (Lugo). Titular: Queserías Entrepinares, S.A.U.

De conformidade co disposto no artigo 24.3 do Real decreto lexislativo 1/2016, do 16 de decembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de prevención e control integrados da contaminación (BOE núm. 316, do 31 de decembro), dáse publicidade á seguinte resolución:

Instalación: fábrica de queixo	Modificación substancial da autorización ambiental integrada
Titular: Queserías Entrepinares, S.A.U.	Expedientes: 2019-IPPC-M-166 e 2020-IPPC-M-94
Localización: concello de Vilalba (Lugo)	Núm. rexistro AAI: 2010-IPPC-1012-253

Esta resolución poderá consultarse en <https://cmatv.xunta.gal/busca-de-expedientes-da-autorizacion-ambiental-integrada> ou presencialmente na Dirección Xeral de Calidade Ambiental, Sostibilidade e Cambio Climático (Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, rúa de San Lázaro, s/n, 2º andar, 15781 Santiago de Compostela).

Santiago de Compostela, 25 de marzo de 2021

María Sagrario Pérez Castellanos
Directora xeral de Calidade Ambiental,
Sostibilidade e Cambio Climático

